

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

**10152** *Real decreto 1143/2012, do 27 de xullo, polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo Servizo Militar de Construcións.*

A Lei do 2 de marzo de 1943 creou o Servizo Militar de Construcións como un órgano de traballo do entón Ministerio do Exército para a execución daquelas obras que afectasen o dito departamento ou fosen declaradas de interese nacional polo Goberno, así como daquelas en que quedase deserta a correspondente licitación, sempre que o ministro competente así o solicitase. Este novo organismo dotábase de personalidade xurídica e autonomía plena para o cumprimento dos seus fins, aínda que, na orde técnica, se establecía a súa dependencia directa do Ministerio do Exército. O regulamento para o réxime e funcionamento do organismo aprobouse mediante o Decreto do 6 de abril de 1943.

En cumprimento do disposto nas disposicións transitorias da Lei do 26 de decembro de 1958, de réxime xurídico das entidades estatais autónomas, o Decreto 1348/1962, do 14 de xuño, clasificou o Servizo Militar de Construcións como organismo autónomo de carácter administrativo do grupo A, adscrito ao Ministerio do Exército. No dito grupo inclúanse todos os organismos «que non perciban auxilios ou subvencións procedentes do orzamento do Estado e atendan os seus servizos exclusivamente con impostos, arbitrios, taxas, recargas, recursos ou exaccións de calquera clase». Desta forma, o Servizo Militar de Construcións configurouse como organismo autónomo meramente administrativo, coa característica básica de se financiar exclusivamente cos fondos procedentes das obras executadas e non con fondos orzamentarios, circunstancia esta que non variou ata o momento actual.

As peculiares características de funcionamento do Servizo Militar de Construcións e o feito de que as súas funcións excedesen en moito as meramente administrativas deron lugar a que o Real decreto 897/1984, do 26 de marzo, clasificase o Servizo Militar de Construcións como organismo autónomo de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo. Como consecuencia disto, e en aplicación do disposto nos artigos 4.1.a) e 83 e seguintes da Lei 11/1977, do 4 de xaneiro, xeral orzamentaria, dotouse o organismo dun orzamento de explotación e capital, que permitiu o desenvolvemento das súas funcións ata o día da data.

A aprobación da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado (LOFAXE), racionalizou e actualizou a normativa aplicable aos organismos públicos, determinando na súa disposición transitoria terceira a necesidade de adaptar os organismos autónomos e demais entidades de dereito público existentes aos dous tipos de organismo autónomo e entidade pública empresarial.

Así mesmo, o artigo 62.1 da mencionada lei establece os aspectos que deberán regular os estatutos dos organismos autónomos e o artigo 62.3 determina que os ditos estatutos se aprobarán por real decreto do Consello de Ministros, por iniciativa do titular do ministerio de adscrición e por proposta conxunta dos ministros de Administracións Públicas e de Economía e Facenda, hoxe ministro de Facenda e Administracións Públicas.

O artigo 60.1 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, adaptou o organismo autónomo de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo Servizo Militar de Construcións á LOFAXE, establecendo que este adoptará a configuración de organismo autónomo dos previstos no artigo 43.1.a) da citada lei, coas peculiaridades que se recollen no propio artigo 60 da Lei 50/1998, do 30 de decembro.

Por outra parte, o artigo 4.1.n) do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, considera como negocios e contratos excluídos aqueles en cuxa virtude se encargue a unha entidade que, conforme o sinalado no artigo 24.6 do dito texto refundido, teña atribuída a condición de medio propio e servizo técnico, a realización dunha determinada prestación.

Nese mesmo artigo 24.6 establécese que os entes, organismos e entidades do sector público poderán ser considerados medios propios e servizos técnicos daqueles poderes adjudicadores para os que realicen a parte esencial da súa actividade, cando estes teñan sobre eles un control análogo ao que poidan exercer sobre os seus propios servizos. A lei precisa que se dá aquela situación de control cando os poderes adjudicadores poidan conferir a aqueles encomendas de xestión que sexan de execución obrigatoria para eles de acordo con instrucións fixadas unilateralmente polo encomendante e cuxa retribución se fixe por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública de que dependan.

Así mesmo, o dito artigo establece que a condición de medio propio e servizo técnico das entidades que cumpran os criterios mencionados neste punto deberá recoñecerse expresamente pola norma que as cree ou polos seus estatutos.

O Servizo Militar de Construcións cumpre estes criterios respecto do Ministerio de Defensa, pois realiza a totalidade da súa actividade para o citado departamento, exercendo este un control análogo ao que exerce sobre os seus propios servizos, polo que se considera necesario asignar ao Servizo Militar de Construcións a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado.

Por todo isto, coa finalidade fundamental de aprobar os estatutos do Servizo Militar de Construcións adaptados ás previsións da LOFAXE e declarar a condición de medio propio e servizo técnico do organismo, faise necesaria a aprobación deste real decreto.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Defensa, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2012,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto.*

Apróbase o Estatuto do Servizo Militar de Construcións, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Órganos colexiados do Servizo Militar de Construcións.*

A creación e o funcionamento dos órganos colexiados previstos no Estatuto que se aproba mediante este real decreto serán atendidos cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao órgano superior ou directivo en que se encontren integrados, de conformidade co artigo 2.2 do Real decreto 776/2011, do 3 de xuño, polo que se suprimen determinados órganos colexiados e se establecen criterios para a normalización na creación de órganos colexiados da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogado o Decreto do 6 de abril de 1943 polo que se aproba o Regulamento para o réxime e funcionamento do Servizo Militar de Construcións.
2. Así mesmo, quedan derogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de xullo de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

## ESTATUTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO SERVIZO MILITAR DE CONSTRUCIÓNS

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Natureza xurídica, adscrición e fins.*

1. O Servizo Militar de Construcións é un organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Defensa, a través da Secretaría de Estado de Defensa, dos previstos no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, conforme o disposto no artigo 60 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

2. O Servizo Militar de Construcións, de acordo co artigo 43.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril, ten personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión e plena capacidade xurídica e de obrar e, dentro da súa esfera de competencias, correspóndenlle as potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins, nos termos previstos neste Estatuto.

3. De conformidade co disposto nos artigos 43 e 51 da Lei 6/1997, do 14 de abril, correspóndelle ao Ministerio de Defensa, a través da Secretaría de Estado de Defensa, a dirección estratéxica, a avaliación e o control de resultados da actividade do Servizo Militar de Construcións, sen prexuízo das competencias atribuídas á Intervención Xeral da Administración do Estado en canto á avaliación e ao control de resultados dos organismos públicos integrantes do sector público.

4. O Servizo Militar de Construcións ten como fins fundamentais a execución de obras que afecten o Ministerio de Defensa ou sexan declaradas de interese nacional polo Goberno, así como daquelas en que quedase deserta a correspondente licitación, sempre que o ministro competente o solicite.

##### Artigo 2. *Réxime xurídico.*

O Servizo Militar de Construcións réxese polo disposto na Lei 6/1997, do 14 de abril; pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; polo texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro; pola Lei 24/2011, do 1 de agosto, de contratos do sector público nos ámbitos da defensa e da seguridade; pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; polo artigo 60 da Lei 50/1998, do 30 de decembro; polo presente Estatuto e polas demais disposicións de aplicación aos organismos autónomos da Administración xeral do Estado.

##### Artigo 3. *Funcións.*

1. Son funcións do Servizo Militar de Construcións, de conformidade co artigo 3 da Lei do 2 de marzo de 1943, pola que se crea o organismo:

- a) A execución de obras vinculadas ás necesidades da defensa que lle sexan encomendadas.
- b) A execución de obras de interese nacional cando, polas circunstancias que nelas concorran, así o acorde o Goberno.
- c) As obras públicas a cargo de calquera ministerio, cando estas non puidesen ser executadas por quedar deserta a licitación, sempre que así o solicite do ministro de Defensa o titular do departamento a quen afecte a obra que se vai realizar.

2. O Servizo Militar de Construcións asumirá as encomendas de xestión que sexan acordadas e resulten conformes co cumprimento dos seus fins.

#### Artigo 4. *Condición de medio propio.*

1. O Servizo Militar de Construcións ten a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos que teñan a consideración de poder adxudicador conforme o artigo 3.3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e pode asumir encomendas de xestión para a realización de obras e proxectos referidos ás necesidades da defensa ou de interese nacional que, polas súas especiais características, lugar de execución no interior de bases e cuarteis, edificios ou establecementos militares ou que polas medidas especiais de seguridade ou reserva deban adoptarse, se lle encomenden.

2. As encomendas de xestión serán de execución obrigatoria para o Servizo Militar de Construcións, retribuiranse mediante tarifas suxeitas ao réxime previsto no parágrafo seguinte e comportarán a potestade para o órgano que confire a encarga de ditar as instrucións necesarias para a súa execución.

A tarifa ou retribución da encomenda deberá cubrir o valor das prestacións encargadas, tendo en conta para o seu cálculo os custos reais totais en que incorrese, isto é, os custos directos e indirectos de cada actuación e os de estrutura do organismo. A contía da tarifa ou retribución fixarase en función das partidas incluídas no proxecto da obra encargada.

3. O Servizo Militar de Construcións non poderá participar nas licitacións públicas convocadas polos poderes adxudicadores de que sexa medio propio, sen prexuízo de que cando non concorra ningún licitador poida encargárselle a execución da prestación obxecto delas.

## CAPÍTULO II

### Organización

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Órganos de goberno*

#### Artigo 5. *Órganos de goberno.*

Os órganos de goberno do Servizo Militar de Construcións son:

- a) O Consello Directivo.
- b) O director xerente.
- c) O director técnico.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Definición, composición e funcións dos órganos de goberno*

#### Artigo 6. *Consello Directivo.*

O Consello Directivo é o órgano colexiado superior de dirección do Servizo Militar de Construcións. Estará formado por un presidente e un máximo de dez vogais que se denominarán conselleiros.

#### Artigo 7. *Composición do Consello Directivo.*

A composición do Consello Directivo será a seguinte:

- a) Presidente: o secretario de Estado de Defensa, que poderá delegar no director xeral de Infraestrutura do Ministerio de Defensa.
- b) Conselleiros:

- 1.º O director xeral de Infraestrutura do Ministerio de Defensa.
- 2.º O subdirector xeral de Planificación e Proxectos da Dirección Xeral de Infraestrutura do Ministerio de Defensa.
- 3.º O director de Infraestrutura do Exército de Terra.
- 4.º O director de Infraestrutura da Armada.
- 5.º O director de Infraestrutura do Exército do Aire.
- 6.º O director xerente do Servizo Militar de Construcións.
- 7.º Un oficial do Corpo Xurídico Militar con destino na Asesoría Xurídica Xeral da Defensa, que será nomeado e separado polo ministro de Defensa, por proposta do asesor xurídico xeral da Defensa.
- 8.º Un oficial do Corpo Militar de Intervención con destino na Intervención Xeral da Defensa, que será nomeado e separado polo ministro de Defensa, por proposta do interventor xeral da Defensa.
- 9.º Ata dous conselleiros designados entre funcionarios destinados no Ministerio de Defensa con rango de subdirector xeral, que serán nomeados e separados polo ministro de Defensa, por proposta do secretario de Estado de Defensa.

c) Actuará como secretario, nomeado polo presidente, un oficial de calquera exército, que asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

#### Artigo 8. *Funcións do Consello Directivo.*

Corresponde ao Consello Directivo:

- a) A alta dirección da entidade.
- b) Organizar, dirixir e inspeccionar o funcionamento da entidade. Aprobar os criterios xerais sobre a organización e estrutura da entidade e as directrices para a elaboración e a modificación do cadro de persoal, sen prexuízo das competencias que, nesta materia, correspondan ao ministro de Defensa e ao ministro de Facenda e Administracións Públicas.
- c) Autorizar actos de administración ou disposición sobre os bens inmoables integrados no patrimonio da entidade, que non poderán ser outros que os dispostos nos artigos 78 e 80 da Lei 33/2003, do 3 de novembro.
- d) Instar a modificación dos estatutos, sen prexuízo das competencias na materia doutros órganos da Administración.
- e) Realizar o seguimento e control das actuacións do Servizo Militar de Construcións.
- f) Cantas funcións lle correspondan por precepto legal ou regulamentario.

#### Artigo 9. *Funcionamento do Consello Directivo.*

1. O Consello Directivo reunirse sempre en pleno, dúas veces ao ano en sesión ordinaria e, cando sexa necesario, por proposta do presidente ou da maioría dos conselleiros, en sesión extraordinaria.

2. O réxime de constitución e funcionamento do Consello Directivo axustarase ás normas contidas no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, así como ao disposto no presente Estatuto.

#### Artigo 10. *Fin da vía administrativa.*

De conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta da Lei 6/1997, do 14 de abril, os actos ditados polo Consello Directivo do organismo autónomo no exercicio das súas funcións administrativas esgotarán a vía administrativa.

#### Artigo 11. *O director xerente.*

1. O director xerente do Servizo Militar de Construcións é o órgano directivo ao cal corresponden o desenvolvemento e a execución dos plans de actuación establecidos

polo Consello Directivo do organismo. Será nomeado e separado por orde do ministro de Defensa, por proposta do presidente do Consello Directivo. Terá o nivel orgánico que se determine na correspondente relación de postos de traballo ou de postos militares.

2. Corresponde ao director xerente:
  - a) A representación legal do Servizo Militar de Construcións.
  - b) A execución dos acordos do Consello Directivo.
  - c) O desenvolvemento e dirección dos obxectivos, política e plans aprobados.
  - d) Formular e render as contas anuais ante o Tribunal de Contas de acordo coa normativa orzamentaria.
  - e) A elaboración do anteproxecto de orzamento anual.
  - f) A dirección dos recursos humanos, técnicos e económicos do organismo.
  - g) Autorizar os gastos e ordenar os pagamentos necesarios para o desenvolvemento das súas actividades, así como a xestión dos bens e dereitos integrantes do patrimonio e a actualización de inventario, para efectos de conservación, correcta administración e defensa xurídica.
  - h) As facultades en materia de indemnizacións por razón do servizo.
  - i) Todas aquelas funcións de dirección, xestión e control non atribuídas ao Consello Directivo.

3. Encóntranse integradas na Dirección Xerencia do organismo:

- a) A Asesoría Xurídica do Servizo Militar de Construcións, órgano asesor en materia xurídica do citado organismo autónomo, que emitirá os informes que lle sexan solicitados na materia da súa competencia polos órganos directivos do organismo. A función asesora exerceuse con dependencia funcional e baixo a dirección da Asesoría Xurídica Xeral da Defensa.
- b) A Intervención Delegada, que dependerá funcionalmente da Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da Intervención Xeral da Defensa, exercerá o control interno da xestión económico-financeira do organismo nos termos establecidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, o exercicio da notaría militar na forma e condicións establecidas nas leis e a emisión de cantos informes lle sexan requiridos na materia da súa competencia polos órganos directivos do Servizo Militar de Construcións.

En ambos os casos, terán o nivel orgánico que se determine na correspondente relación de postos militares.

#### Artigo 12. *O director técnico.*

1. O director técnico será nomeado e separado por orde do ministro de Defensa, por proposta do presidente do Consello Directivo do organismo. Terá o nivel orgánico que se determine na correspondente relación de postos de traballo ou de postos militares.

2. Baixo a dirección e coordinación do director xerente da entidade, ao director técnico correspóndelle desenvolver as seguintes funcións:

- a) O exercicio das funcións técnicas encomendadas ao Servizo Militar de Construcións.
- b) Asesoramento ao director xerente nos asuntos técnico-económicos para o desenvolvemento das súas actuacións.
- c) Estudo, análise e informes para a encomenda de obras e a súa execución.
- d) Seguimento técnico-económico das obras encomendadas e cumprimento da normativa vixente.
- e) Estudo e impulso da aplicación de novos materiais construtivos, tecnoloxías e maquinaria á execución das obras.
- f) A coordinación de todos os aspectos técnicos relacionados coas obras e co mellor aproveitamento dos recursos.
- g) A dirección da área técnica do organismo.

h) Calquera outra función que, dentro do seu ámbito de competencias, lle encomende o director xerente.

### Sección 3.<sup>a</sup> Outros órganos

#### Artigo 13. *Delegacións.*

Para facilitar e axilizar a xestión do organismo, existirán delegacións do Servizo Militar de Construcións, co ámbito territorial que se estableza e cando as necesidades de funcionamento o aconsellen. Estas delegacións teñen o carácter de unidades administrativas con dependencia directa da Dirección Xerencia. A súa creación ou supresión farase por acordo do Consello Directivo da entidade por proposta do director xerente, logo das autorizacións pertinentes por outros órganos da Administración competentes na materia.

#### Artigo 14. *Xunta de Alleamentos.*

1. Constitúese no organismo a Xunta de Alleamentos como órgano técnico para xestionar os alleamentos do material inútil ou non apto para o Servizo Militar de Construcións.

2. A Xunta terá a seguinte composición:

- a) Presidente: o director xerente do organismo.
- b) Vogais:

1.º Un representante designado polo director xerente entre o persoal do organismo que teña encomendadas as competencias técnicas.

2.º O asesor xurídico do organismo.

3.º O interventor delegado no organismo.

c) Secretario: un representante designado polo director xerente entre o persoal do organismo que teña encomendadas as competencias económico-administrativas.

3. As funcións e competencias da Xunta serán as de instruír os expedientes de alleamento, anunciar e realizar as poxas, negociar o alleamento e formular propostas de adjudicación ao órgano con competencias para acordar o alleamento.

4. O alleamento dos bens mobles inútiles ou non aptos para o servizo axustarase ao previsto nos artigos 142 e 143 da Lei 33/2003, do 3 de novembro.

O seu réxime de actuación axustarase ás disposicións relativas aos órganos colexiados contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. A creación e o funcionamento da Xunta de Alleamentos serán atendidos cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao organismo.

## CAPÍTULO III

### Réxime económico-financiero, patrimonial, de contratación e de persoal

#### Artigo 15. *Réxime económico-financiero.*

O réxime orzamentario, económico-financiero, de contabilidade, intervención e control financeiro será o establecido para os organismos autónomos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, e demais normativa que resulte de aplicación.

Sen prexuízo das competencias fiscalizadoras atribuídas ao Tribunal de Contas pola Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, e polas demais leis que desenvolvan as súas competencias, o Servizo Militar de Construcións estará sometido á función interventora, ao control financeiro permanente e á auditoría pública que exercerá a Intervención Xeral da Administración do Estado, conforme o disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro.



Artigo 16. *Réxime patrimonial e recursos económicos.*

1. O patrimonio do Servizo Militar de Construcións rexeráse polo disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro.
2. Os recursos do Servizo Militar de Construcións poderán proceder das seguintes fontes:
  - a) Os bens e valores que constitúen o seu patrimonio.
  - b) Os produtos e rendas do dito patrimonio.
  - c) Os ingresos ordinarios e extraordinarios que estean autorizados a percibir, segundo as disposicións polas que se rexan.
  - d) Os ingresos obtidos como consecuencia das obras de todo tipo ou proxectos que realice no cumprimento dos seus fins.
  - e) As consignacións específicas que tivese asignadas nos orzamentos xerais do Estado.
  - f) As transferencias e subvencións que procedan das administracións ou entidades públicas.
  - g) As doazóns, legados e outras achegas de entidades privadas e particulares, así como de organizacións, xa sexan nacionais ou internacionais.
  - h) Calquera outro recurso que, por precepto legal ou regulamentario, puidese serlle atribuído.

Artigo 17. *Réxime de contratación.*

1. A contratación do Servizo Militar de Construcións rexeráse polo establecido na lexislación de contratos do sector público, de conformidade coa súa natureza de organismo autónomo e sen prexuízo da súa condición de medio propio e servizo técnico nos termos previstos no presente Estatuto.
2. O ministro de Defensa autorizará a realización daqueles contratos cuxa contía exceda a previamente fixada por tal autoridade.
3. O órgano competente para a contratación no Servizo Militar de Construcións será o seu director xerente.

Artigo 18. *Réxime de persoal.*

1. O persoal ao servizo do organismo autónomo Servizo Militar de Construcións será funcionario ou laboral, nos mesmos termos que os establecidos para a Administración xeral do Estado. Así mesmo, tamén prestará servizos o persoal militar profesional que figure na súa correspondente relación de postos militares.
2. O persoal militar e civil funcionario gozará dos mesmos dereitos e obrigas que o resto do persoal destinado no Ministerio de Defensa, de acordo co disposto, segundo o caso, na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, na lexislación aplicable ao persoal militar e demais normativa de aplicación.
3. O persoal laboral rexeráse polo disposto na lexislación laboral e no convenio colectivo que lle sexa de aplicación.